

# A/A XUNTA DE GALICIA

## XEFATURA TERRITORIAL EN PONTEVEDRA

### VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

Avda. María Victoria Moreno, 43 5ª Pl. - 36003 - Pontevedra (Pontevedra)

**Asunto:** Alegacións ao estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) e a solicitude de declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións do parque eólico Merendón, situado nos concellos de Oia e O Rosal, provincia de Pontevedra (expediente IN661A 2011/19-4).

Don/Dona \_\_\_\_\_ con DNI nº \_\_\_\_\_,  
con domicilio a efectos de notificacións en  
\_\_\_\_\_  
municipio de \_\_\_\_\_, provincia \_\_\_\_\_,  
teléfono \_\_\_\_\_.

#### **EXPÓN:**

Á vista da RESOLUCIÓN do 15 de decembro de 2021, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) e a solicitude de declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións do parque eólico Merendón, situado nos concellos de Oia e O Rosal, provincia de Pontevedra (expediente IN661A 2011/19-4).

#### **ALEGACIONES:**

1. A avaliación ambiental do parque eólico de Merendón faise de acordo ao disposto nos artigos 6, 7, 17 ao 48 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. Neste senso, o Plan sectorial eólico de Galicia (ao que debe adaptarse esta actuación) non consta sometido ao citado procedemento de avaliación ambiental estratéxica atendendo ao previsto nos artigos 31 ao 53 da anteriormente citada Lei 9/2021, o cal supón un incumprimento da lexislación ambiental vixente en España.
2. A construción do parque eólico non contribúe á consecución dos obxectivos enerxéticos propostos nas Directrices Enerxéticas 2018-2020 da Xunta de Galicia, aprobadas o 8 de marzo do 2018, que buscan que entre o 85 e o 90% do consumo eléctrico galego proveña de fontes renovables.

3. Non se avalía de maneira obxectiva a alternativa 0 en relación a tódolos aspectos ambientais e socioeconómicos. Non se realiza un estudo comparativo eficaz da situación ambiental actual coa actuación derivada do proxecto obxecto de avaliación para cada alternativa, tal e como determina o apartado 3.e do Anexo VI da “Ley 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental”. A comparación da alternativa 0 coas alternativas de execución do proxecto centrase nos efectos positivos do desenvolvemento do parque eólico, sen analizar os efectos negativos derivados da súa construción.
4. Non se valora de maneira adecuada a liña de evacuación a pesar do seu forte impacto. A construción desta liña implicará graves efectos sociais, ambientais e paisaxísticos e o feito de tramitarse dun xeito independente ao proxecto do parque eólico supón un agravio para os afectados dado que non se ten unha visión integral do proxecto do parque eólico.

No requirimento do Ministerio da transición ecolóxica e o reto demográfico (MTERD) recóllese o artigo 21 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico, que establece que formarán parte da instalación de produción as súas infraestruturas de evacuación, que inclúen a conexión coa rede de transporte ou de distribución, e no seu caso, a transformación de enerxía eléctrica.

Esta liña de evacuación é intrínseca ao proxecto, por tanto, debería analizarse en todo o procedemento de avaliación ambiental. Esta infraestrutura resulta imprescindible para a viabilidade e desenvolvemento do parque eólico debido ao cal se deben analizar pormenorizadamente os efectos e impactos de todas as liñas de evacuación.

5. A alternativa 2 do parque eólico (alternativa seleccionada) non evita de xeito integral as afeccións que se poden producir nas Áreas de Especial Interese Paisaxístico (AEIP) de Chan da Valga (código de referencia: AEIP\_06\_14) e Muiños de Folón e do Picón (código de referencia: AEIP\_06\_15), pese a que no EIA se indica que esta alternativa evita a súa afección.
6. Minimízanse dun xeito claro os posibles impactos que se poden xerar no que respecta ás augas e a rede hidrolóxica do entorno. Neste senso, o río de Folón (ID: 24018) e un rego sen nome afluente do río de Folón (ID: 24019).
7. As infraestruturas do proxecto eólico pasan polos seguintes montes veciñais: Loureza, Oia e Santa Mariña do Rosal. A este respecto, deben terse en conta os seguintes puntos:
  - O solo expropiado ás comunidades de montes debe ser tasado coma se fose Solo Rústico de Protección de Infraestruturas.
  - Os novos viarios de servizo ao parque eólico executados pola empresa adxudicataria dentro de terreos comunais deberán ser adscritos ás comunidades de montes veciñais de man común (MVMC) en réxime de pleno dominio segundo o artigo 348 de Código Civil. A este respecto:

- o *A nuda propiedade*: recaerá sobre os MVMC a propiedade do viario de maneira formal, podendo negociar con ela. Teñen dereito a esixir un prezo de un só pago o como rendas de frecuencia de acordo co seu valor.
  - o *Usufruto*: recaerá tanto na MVMC coma na empresa Acciona Tiraventos S.L. (CIF: B27745736), sen que poda, esta última, ter a plena propiedade dos citados viarios.
8. A zona de servidume eólica (200 metros arredor de cada aeroxerador) non está contemplada na Relación de Bens Afectados (RBA) e supón unha perda de dereitos para os propietarios do monte ao ver limitada a súa capacidade produtiva.
  9. O EIA do parque eólico minimiza as afeccións que os aeroxeradores poden provocar no gando salvaxe e fauna da contorna. Compre sinalar o caso particular dos cabalos salvaxes, vinculados á celebración dos curros ("Rapa das bestas").
  10. As afeccións ao gando salvaxe da contorna prexudica a celebración dunha das festividades culturais e tradicionais máis característica do ámbito. Neste senso, as afeccións xeradas ao gando salvaxe poden derivar nunha afección de carácter socioeconómico que comprende analizar e valorar pertinentemente.
  11. Incompatibilidade coa Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres. A situación xeográfica do parque eólico inclúe a presenza dunha especie (*Scolopax rusticola*) contemplada no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA), ademais de posuír o status de protección legal dos Anexos II e III da Directiva Comunitaria 2009/147/CEE.
  12. A construción do parque eólico xera una afección directa aos quirópteros que habitan no ámbito do proxecto. Neste senso, comprende sinalar, segundo o Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA), a presenza de tres especies de quirópteros (*Nyctalus lasiopterus*, *Rhinolophus ferrumequinum* e *Rhinolophus hipposideros*) en estado de vulnerabilidade. Así mesmo, está demostrada a influencia que os aeroxeradores provocan neste tipo de especies, ben sexa a causa de colisións directas cas pas ou por barotraumas.
  13. As obras nos viarios de acceso do parque eólico traspasan o contorno de protección dalgúns elementos patrimoniais. A este respecto, comprende indicar que, segundo o disposto no artigo 46 da Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galicia, se establece o seguinte:
    - a) *Se procurará evitar los movimientos de tierras que supongan una variación significativa de la topografía original del entorno.*

b) Se procurará su compatibilidad con los elementos configuradores de la estructura territorial tradicional, como son la red de caminos, los muros de cierre, setos, tapias, taludes y otros semejantes.

c) Se emplearán materiales, soluciones constructivas y características dimensionales y tipológicas en coherencia con el ámbito en cualquier tipo de intervenciones.

d) Se mantendrán preferentemente la estructura y la organización espacial del entorno, con la conservación general de las alineaciones y rasantes.

e) Se procurará y se valorará la integración y compatibilidad de los usos y costumbres tradicionales y característicos configuradores del ambiente con los de nueva implantación.

f) Se facilitará la implantación de actividades complementarias compatibles con los valores culturales de los bienes que garanticen la continuidad de su mantenimiento con el establecimiento de nuevos usos.

**14.** En relación ca alegación anterior, o EIA do parque eólico minimiza a afección que se produce a determinados elementos patrimoniais. Neste senso, o EIA considera que se producirá un impacto crítico á mámoa de Carqueixeiro 3 (GA36048025), a fonte de Arcela (GA36048043) e ao xacemento de Marzán (GA36048010). Porén, a estes elementos cunha afección crítica ha de incluírse a mámoa do Carqueixeiro 1 (GA36048023) e a mámoa do Carqueixeiro (GA36048024). Estes dous elementos se atopan a 25 metros de distancia das obras de modificación dos viarios de acceso, o que pode supor unha afección directa que pode chegar a ser irreversible. Así mesmo, como resultado desta minimización, non se propoñen medidas preventivas para estes elementos.

**15.** A afección visual que o parque eólico xera nas Áreas de Especial Interese Paisaxístico (AEIP) do ámbito (Chan da Valga e Muíños de Folón e do Picón) é significativa, especialmente para o primeiro caso, en tanto que recibe a afección dos cinco aeroxeradores proxectados na maior parte da súa delimitación. Esta afección pode xerar unha perda xeral de visitantes, o que pode ter unha clara influencia no ámbito socioeconómico, especialmente nun espazo caracterizado polo seu potencial turístico. Nesta liña, compre incluír a afección visual que se produce no trazado do Camiño Portugués Costa.

**16.** Catro aeroxeradores do parque eólico (A1, A2, A3 e A5) están situados sobre áreas catalogadas como hábitats de interese comunitario. Establecen no EIA que estes hábitats se atopan degradados a causa dunha acción antrópica. Non obstante, minimizan os posibles impactos que se poden xerar neste aspecto. A este respecto, compre sinalar o seguinte:

- O aeroxerador A1 a A2 encóntranse nun área caracterizada polo hábitat 9230, ocupada por carballeiras galaico-portuguesas.
- O aeroxerador A3 e A5 sitúanse no hábitat 4030, conformado por uceiras secas europeas.

Esta situación supón unha clara vulneración da Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres.

- 17.** O impacto do parque eólico sobre os quirópteros non está correctamente avaliado, xa que non cumpre cas directrices propostas polo Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico (MTERD).
- 18.** Non se valora o impacto acústico sobre o gando salvaxe e a fauna do entorno. O estudo acústico céntrase na afección acústica sobre a poboación da contorna, pero non ten en conta a afección sobre o gando salvaxe, de especial importancia no ámbito, e sobre a fauna que habita no entorno.
- 19.** Non se avalía o impacto electromagnético sobre a antena de RETEGAL. Hai unha antena de RETEGAL a 360 metros do aeroxerador A1. As pas dos aeroxeradores poden crear oscilacións en sinais electromagnéticas empregadas para as comunicacións. As turbinas xeran una zona escura para as transmisións detectadas a un radio máximo de 10 km dende as propias turbinas. Isto pode supor molestias nas comunicacións dos veciños da contorna.
- 20.** Non se valora o impacto nin se establecen medidas de mitigación relacionadas co efecto sumidoiro das coberturas no ámbito afectado do proxecto.
- 21.** A poligonal do parque eólico sitúase sobre unha zona catalogada como "Área de distribución potencial" da escribente das canaveiras (*Emberiza schoeniclus lusitanica*), especie incluída dentro dun Plan de Recuperación en Galicia.
- 22.** Non se avalía de xeito correcto os afectos ambientais sinérxicos e acumulativos relativos a outros parques eólicos proxectados na contorna: PE O Rosal, PE Toroña, PE Torroña I e PE Albariño I están proxectados nun radio inferior a 10 kilómetros.

En virtude de todo o exposto,

SUPLICO: A non construción do parque eólico en base ao rexeitamento das solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) e a solicitude de declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións do parque eólico Merendón, situado nos concellos de Oia e O Rosal, provincia de Pontevedra (expediente IN661A 2011/19-4).

Oia, a, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022

Asdo.- \_\_\_\_\_